

**ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN OBRA "RESTAURACIÓN DO PALCO DA MUSICA DO CANTON DE DIÓMEDES" . APERTURA SOBRE Nº 1, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, ás dez horas e corenta minutos do día 20 de xullo 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

**Asistentes:**

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente.

**-Vogais:**

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.

Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.

José Manuel Ferreiroa González, arquitecto técnico municipal.

Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada de Facenda e Urbanismo.

**Secretaria:**

María Jesús Blanco Martínez, funcionaria do concello.

-Se presentan á licitación as seguintes empresas:

<b>LICITADOR</b>	<b>LOCALIDADE</b>	<b>Nº R.E.</b>	<b>Dirección correo electrónico</b>
<b>Rocas Graníticas del Condado, S.L.</b>	<b>Salvaterra de Miño</b>	<b>6122 - 29/06/2017</b>	<b>rocas@rocasgraniticas.com</b>
<b>Construcciones Mascareñas e Hijos, S.A.</b>	<b>Ourense</b>	<b>6329 - 05/07/2017</b>	<b>construcciones@mascarenasehijos.es</b>
<b>Construcciones Abal, S.A.</b>	<b>Meis (Pontevedra)</b>	<b>6354 - 05/07/2017</b>	<b>abal@construccionesabal.com</b>
<b>Getiones e Inversiones ALPER, S.L.</b>	<b>Vigo</b>	<b>6360 - 05/07/2017</b>	<b>----</b>
<b>Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. (ACEVI)</b>	<b>Pontevedra</b>	<b>6393 - 06/07/2017 (Fora de prazo)</b>	<b>acevi@acevi.net</b>
<b>Alcana Viviendas, S.L.</b>	<b>Pazos de Reis - Tui</b>	<b>6484 - 07/07/2017 (Fora de prazo)</b>	<b>----</b>

Publicouse no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante da páxina web do concello ([www.concellotui.org](http://www.concellotui.org)) convocatoria para presentación de propostas o día 09/06/2017, polo prazo de vinte seis días naturais, rematando o prazo o día 05/07/2017.

Pola empresa Actividades de Construcción, Edificación y Viales, S.L. (ACEVI) acredítase o envío de fax con data 05/07/2017, ás 14:38 horas, anunciando a remisión de sobres nº 1 e nº 2 por correo, acompañando xustificante de depósito en correos con data 05/07/2017 ás 13:50 horas.

A empresa Alcana Viviendas, S.L., presentou propostas no Concello con data 07/07/2017, R.E. nº 6484, polo que a presentación estaría fora de prazo.

A Mesa de Contratación, á vista da documentación que obra no expediente, **acorda:**

Excluir á empresa Alcana Viviendas, S.L., con enderezo en Pazos de Reis (Tui), dado que se presentou pola referida empresa os sobres números 1 e 2 o día 07/07/2017, nº RE 6484, estando fora do prazo establecido de presentación de propostas.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura do sobre nº 1 "Documentación Administrativa" das empresas que presentaron en prazo.

Á vista da documentación aportada polas empresas e o que se indica no prego de cláusulas administrativas aprobado da documentación a aportar no sobre nº 1, a Mesa de Contratación **acorda:**

Primeiro.- Requiritur á empresa Rocas Graníticas del Condado, S.L. os seguintes aspectos:

- Subsanación na declaración responsable presentada, dado que deberá cubrir o modelo enteiro, cos datos relativos a :

\* Especialista en Cerraxería: Falta acreditar, cando menos unha intervención análoga á obra obxecto de licitación, así como a identificación da persoa que vai ser o especialista cumprimentar tódolos datos que se citan na declaración responsable a estes efectos.

\* Especialista en Carpintería: Falta acreditar, cando menos unha intervención análoga á obra obxecto de licitación, así como a identificación da persoa que vai ser o especialista e cumprimentar tódolos datos que se citan na declaración responsable a estes efectos.

Segundo.- Requiritur á empresa Construcciones Abal, S.A., os seguintes aspectos:

\* Especialista en Forxa: Identificación da persoa que vai ser o especialista.

Terceiro.- Requiritur á empresa Gestiones e Inversiones Alper, S.L., os seguintes aspectos:

\* Especialista en Cerraxería: Falta a identificación da persoa que vai ser o especialista e cumprimentar tódolos datos que se citan na declaración responsable a estes efectos.

\* Especialista en Carpintería: Falta a identificación da persoa que vai ser o especialista e cumprimentar tódolos datos que se citan na declaración responsable a estes efectos.

\* Especialista en Forxa: Falta a identificación da persoa que vai ser o especialista e cumprimentar tódolos datos que se citan na declaración responsable a estes efectos.

Cuarto.- Requiritur á empresa Actividades de Construcción, Edificación y Viales, S.L. (ACEVI) os seguintes aspectos:

- No punto 8 da declaración responsable presentada, non desglosa conforme ao modelo que se inclúe no prego de cláusulas administrativas aprobado, polo que , deberá especificar este apartado conforme á declaración responsable (Anexo II) do prego de cláusulas administrativas.

De seguido, ás once horas e corenta e seis minutos, remata este acto, do que eu, secretaria, certifico.  
Documento asinado dixitalmente ao marxe.